

5.- ARTE PALEOCRISTIÁ E BIZANTINA.

INTRODUCCIÓN: APORTACIÓNS DA PRIMEIRA ARTE CRISTIÁ.

As orixes da arte cristiá primitiva hai que buscalos na **desmembración do mundo romano provocada a partir do século III d.c., por factores internos** (o propio cristianismo como relixión das masas populares) e **externos** (invasións xermánicas).

Pero os problemas non son só de tipo relixioso ou militar, senón tamén políticos (a inestabilidade sucesoria dos emperadores), económicos (agotamento do sistema escravista, ruralización) e sociais (revoltas populares misturadas co novo sentimento relixioso).

O cristianismo, máis que un dogma, convértese nunha filosofía social, **nunha nova concepción da vida, sobre todo para as clases máis desprotexidas, cunha imaxe do universo que se aparta da lóxica e do racionalismo gregos.**

Atopámonos pois ante un **mundo intimista, escuro e abstracto**, explicado mediante metáforas, imaxes e parábolas, **abandonando todo o material, corporal ou sensorial, e preferindo o anímico ou espiritual.**

Características principais da Arte Paleocristiá.- A arte cristiá primitiva **representa unha ponte entre a cultura clásica occidental e a medieval cristiá**, entre o realismo naturalista clásico e o simbolismo expresionista cristián.

As características fundamentais da arte paleocristiá son:

- **Esquematismo figurativo**, con carencia de perspectiva e modelado, con figuras planas e sen fondo, alongadas e carentes de volume.
- **Simbolismo e abstracción**, onde as imaxes son indicativas e suxerentes, non identificativas nin representativas (ausencia de retratos).
- **Finalidade didáctica e moralizadora**, nunca estética. A arte convértese nun instrumento do artista cristián ten pois como obxectivo **a representación da verdade espiritual, deixando de lado a realidade física. O simbolismo e a expresividade son unha herdanza da arte das provincias romanas orientáis**, lugares onde se difunde orixinariamente e con maior intensidade o cristianismo.

A relixión cristiá, polo seu mensaxe de salvación, arraiga sobre todo nas clases populares, o que provoca a **necesidade de buscar unha mensaxe clara e comprensible para estas xentes**, por iso primeiro **as catacumbas e logo os muros dos templos échense de imaxes e escenas elocuentes**, cuxa narrativa non ofrezca dúbidas.

Cronoloxía.- Podemos falar dentro da arte paleocristiá de dúas etapas claramente diferenciadas:

- 1- **Etapa de clandestinidade ata o Edicto de Milán (313 d.c.)**, que non tolera o cristianismo dentro do Imperio Romano. É unha **etapa de persecucións, na que os fieis cristiáns realizaban o culto nas casas privadas ou en catacumbas**, lugares de enterramento en

galerías subterráneas, onde practicaban ritos funerarios ó amparo das reliquias dos santos.

- 2- Etapa posterior ó Edicto de Milán (tolerancia de cultos). **A oficialidade do cristianismo supón a saída a luz da arte**, facendo necesario un **novo espazo arquitectónico onde realizar a liturxia ou culto relixioso e acoller a un número crecente de fieis**.

Ese edificio será a basílica, xa que o templo clásico pagano (Grecia e Roma), **prescinde do espazo interno**, sendo únicamente morada da divinidad.

Esta etapa esténdese ata o s.V, momento no que se produce unha división na Igrexa cristiá entre ortodoxos e católicos.

A NOVA ICONOGRAFÍA.

A iconografía cristiá é moi abundante e variada, aparecendo as primeiras imaxes en torno ó ano 200 d.c., ligadas ó rito funerario (pinturas murais das catacumbas romanas e imaxes escultóricas dos sártegos).

Temas Iconográficos.- Algúns temas están tomados da arte clásica pagán, pero cunha nova simboloxía, destacando: o Bo Pastor, o Crismón, o Peixe, o Cordeiro, o ráncimo de uvas, os amorcillos, a Virxe Orante, o cesto de pans....

A partir do s.IV e adquirida a oficialidade relixiosa, os temas cambian, tomándoos do Antigo e Novo Testamento: Adán e Eva, o bautismo de Cristo, Daniel entre os leóns, o sacrificio de Isaac, a resurrección de Lázaro...

En xeral son imaxes desmaterializadas, simbólicas, que representan o mundo invisible ou sobrenatural.

A ARQUITECTURA PALEOCRISTIÁ. A BASÍLICA.

A necesidade na liturxia cristiá dun **espazo interior para albergar o culto e ós fieis, obrigou a creación dun edificio específico: a basílica**, que aínda **de herdanza romana**, convírtese por esixencias relixiosas nun **edificio grande e pechado, cunha esmerada instalación no interior**, sobre todo no altar, centro do culto a divinidad, **e unha sinxela e austera aparencia exterior**.

Xunto a basílica aparecen outros edificios relixiosos como os baptisterios e os martyria.

A basílica, supón a proclamación da Igrexa cristiá triunfante, con toda a súa parafernalia litúrxica (predicación, lectura, administración dos sacramentos...), **levantándose os primeiros templos na época de Constantino**, e non só en Roma senón tamén en Constantinopla e en Xerusalén (Terra Santa).

A basílica é polo tanto o edificio tipo da arquitectura paleocristiá, considerada mansión sagrada e lugar de culto comunitario, combinando o espacioso interior romano coa liturxia da nova relixión do Estado.

“A *basílica de Santa Sabina*”, en Roma (Baixo Imperio, 422-32 d.c.), é unha das primeiras basílicas e serve de modelo a todas as que se construíron en Roma durante o s.V (“*Santa María a Maior*”, 432-40).

Da antiga basílica pagana recolle a súa pranta rectangular e a súa división en naves, normalmente tres ou cinco, sendo a central máis alta e cada unha delas separada por columnas para un mellor ordenamento dos fieis.

As naves colócanse perpendiculares ó altar, punto focal e central máis importante da basílica situado baixo o arco de acceso ó ábside, reducido nicho semicircular ou poligonal orientado ó Leste, lugar reservado ós bispos e presbíteros (sacerdotes). En correspondencia ó ábside, lugar de dirección ó rezo, ó oeste dispónse a porta de entrada precedida dun pórtico ou “nártex”, vestíbulo interior onde se situaban os catecúmenos ou cristiáns non bautizados, que asistían só a parte do ceremonial.

A arquitectura da basílica complétase co **atrio, patio porticado con fontes de “purificación corporal” para os fieis que accedían ó templo.**

Dende o punto de vista arquitectónico, **na basílica paleocristiá valórase moito máis o espazo interior que o exterior, cunha sensación de predominio da perspectiva ou eixe lonxitudinal, de movemento hacia o altar, acentuado polas fileiras de columnas que separan as naves, o entaboamento e a teitume.**

O espazo da basílica é pois pechado, unitario e diáfano, sen nada que entorpeza a perspectiva do altar ou presbiterio, enmarcado nun gran arco de triunfo de medio punto que ven a recordar o efecto dos arcos conmemorativos romanos, representando o triunfo relixioso da Igrexa.

Os teitos e cubertas adoitan ser planos e de madeira, para unha mellor audición, usándose materiais luxosos de revestimento (mármore e mosaicos). No exterior se dispoñen a dúas augas na nave maior e en vertente sinxela nas laterais.

Un aspecto moi interesante na análise da basílica paleocristiá, é a xerarquización do espazo, a hora de distribuír á comunidade relixiosa. **A basílica destínase as reunións dominicais, pero ademais serve de residencia a presbíteros e bispos** coas súas numerosas dependencias.

Os fieis, o pobo, dispóñense no corpo de naves, cada vez máis cerca do altar co obxecto de participar de maneira máis activa no culto, aparecendo os homes a esquerda (lado do Evanxelio) e as mulleres a dereita (lugar da lectura da Epístola). O presbiterio ou altar resérvase para os que presiden a Asemblea (bispos e sacerdotes), e o “nártex”, ós catecúmenos.

Da obscuridade das catacumbas pásase a luminosidade triunfante da nova Igrexa cristiá. A iluminación destes edificios consíguese con grandes ventás na nave principal acentuando o seu valor emocional. O valor sacrificial ou de culto da basílica faise efectivo no altar, reducido a unha mesa, símbolo da Última Cea, cuberta as veces cun baldaquino para acentuar o seu valor, como en “*Santa María a Maior*”. Toda a ornamentación da nave central contrasta coa sobriedade e planitude dos muros laterais e do exterior.

Nalgunhas basílicas do s.IV, como “*San Pedro do Vaticano*”, “*San Xoán de Letrán*” e “*San Pablo Extramuros*”, aparecen dous novos elementos arquitectónicos: o cruceiro ou transepto e a tribuna.

O cruceiro, supón a ruptura lateral dos muros á altura do presbiterio **formando unha nave transversal e unha pranta de cruz latina (brazos desiguais)**. **A tribuna é un vasto espazo situado sobre as naves laterais, que reduce a luz no templo**, sendo preciso elevar o teito para colocar as ventás que permiten a entrada da iluminación.

Na basílica aparecen grandes programas iconográficos decorando os muros interiores do templo, cos temas máis importantes no ábside ou presbiterio, e o resto da decoración no muro das naves e no “nártex”.

Destacan na aparición da técnica do mosaico, as basílicas de Rávena, “*San Apolinar in Classe*” e “*San Apolinar o Novo*”, de finais do s. V e principios do VI.

Outro edificio relixioso é o Baptisterio, de plan central (circular ou poligonal), normalmente de gran tamaño, coa cisterna de inmersión no centro para realizar o bautismo.

ARTE BIZANTINA.CONCEPTO E ETAPAS.

A división do Imperio Romano en dúas zonas, occidental e oriental, polo emperador Teodosio (395 d.c.), ten enormes consecuencias non só desde o punto de vista histórico e político senón tamén artístico.

Mentres **a zona occidental do Imperio cae baixo o poder dos bárbaros xermánicos, na zona oriental (Bizancio)**, continúa pervivindo a arte romana.

En Bizancio, a antiga Constantinopla, o fillo de Teodosio, Arcadio, intenta facer desta pequena fundación grega situada entre os estreitos do Bósforo e Dardanelos, unha nova Roma, intentando recoller a tradición do mundo clásico antigo e servindo pola súa estratéxica situación, de ponte ou encrucillada entre o mundo e a tradición occidental e oriental.

A cultura bizantina, e polo tanto **a arte, é unha síntese da arte romana, grega-helenística e oriental, asentada sobre unha base cristiá**. O artista é como no Antigo Oriente un persoaxe anónimo, un mero colaborador do sistema.

A estrutura política do Estado bizantino, enténdese como un reflexo do mundo celestial (Deus=Emperador), constituindo o chamado Cesaropapismo ou concentración do poder temporal e espiritual en máns dunha soa persoa que domina a Igrexa, o Exército e a Administración.

Cronoloxía.- A arte bizantina perdurou durante nove séculos, distinguíndose en tan longo período de tempo tres etapas, denominadas Idades de Ouro:

1ª Idade de Ouro (395-850), 2ª Idade de Ouro (850-1050), e 3ª Idade de Ouro (1050-1453).

A ARQUITECTURA BIZANTINA.

Posúe unha dobre tipoloxía: **cortesá** (palacios) e **relixiosa** (templos), destacando ésta última.

O templo bizantino posúe múltiples significados e funcións, cun claro compoñente simbólico. Recolle a herdanza do primitivo cristianismo de **lugar de reunión dos fieis coa presenza da divinidad**, pero **ademáis serve de exaltación da grandeza do emperador e da Igrexa**, buscando deslumbrar ós fieis e ós pobos vecinos ou estranxeiros.

Características esenciais.- A pesar de adoptar o modelo da basílica constantiniana, obsérvanse nos templos bizantinos certas novidades:

- Novas formas de planta: **plan central ou planta de cruz grega** (as veces inscrita nun cadrado), que aparecen como resultado do uso de grandes cúpulas, contrarrestando o seu peso mediante catro ramas abovedadas en forma de cruz de brazos iguais.
- A cúpula: convírtese pois no elemento arquitectónico fundamental coa súa **forma semicircular, evocadora do cosmos**, convertindo o templo nun “*microcosmos referencial*” e cambiando totalmente a súa perspectiva, **cunha visión hacia ó alto, fronte a visión lonxitudinal predominante na basílica paleocristiá.**
- Perfeccionamento dos sistemas de abovedamento: herdados dos romanos, cun sostemento dos mesmos **a base de contrafortes, bóvedas de medio canón, cupuliñas.**
- A multiplicación de cúpulas sobre pechinas: creando unha **nova noción de espazo, continuo e elástico, de grande dinamismo e en crecente dilatación.** Fronte ó espazo estático e pechado do templo romano e da basílica paleocristiá, os bizantinos crean un **clima espacial orixinal, proxectado á bóveda celeste**, ó trono do Creador, conectando a obra humana e terreal do templo coa celestial.
- O mosaico e a luz: son elementos claves na creación do espazo interior. O mosaico surxe como resultado da **importancia concedida á superficie interior, recubriendo as paredes con campos extensos de mosaicos vítreos**, fronte a pobreza exterior dos edificios.

A luz é un elemento matizador, desmaterializador das formas arquitectónicas, ofrecendo unha **sensación ilusoria das mesmas a través de visións ou sensacións suxerentes** que inciden psicolóxicamente no ánimo do espectador.

- Os materiais máis utilizados son: **a pedra** (mampostería de cantos rodados e argamasa nos muros) e **o ladrillo** (arcos e abovedamentos). Na 2ª e 3ª Idade de Ouro, incorpóranse ós exteriores **placas de cerámica ou mosaicos policromados.**
- Os arcos empregados son de medio punto e as columnas de corte clásico: **con capitel corintio ou prismático**, decorado con motivos vexetais ou abstractos de gran riqueza e **rematado nun elemento en forma de pirámide truncada, denominado cimacio**, que lle serve de soporte, reforzándoo e permitindo ampliar o seu campo figurativo.

TIPOLOXÍA DA BASÍLICA BIZANTINA.

En Bizancio, empréganse os dous tipos de basílica cristiá: a igreja lonxitudinal e a de plan central, en ambos casos **abovedadas, con cruceiro e tribuna** (lugar destinado ás mulleres). As cúpulas adoitan cargar directamente sobre as paredes ou sobre columnas nas igrexas de plan central, formando **unha especie de basílicas circulares**.

A principal creación bizantina, a basílica abovedada con cúpula, supón certas modificacións con respecto a paleocristiá:

- Aparición dun novo elemento o iconostasio, que **illa o presbiterio do resto do edificio**, a través dunha especie de cancela perforada que non impide a visión do altar.
- Consérvanse o nártex e o atrio, pero redúcense cada vez máis, convertíndose en **simples pórticos da fachada da igrexa**.
- As cabeceiras dos templos presentan ábsides semicirculares e poligonais, orientados hacia Oriente, (a Xerusalén, Cidade Santa e fonte da luz, da Pasión e da Crucifixión de Cristo).
- A cúpula convírtese pois, no símbolo do infinito, do eterno, do divino (reinado de Cristo no mundo), na parte central do templo, rompendo co espazo-camiño da basílica paleocristiá.

A ÉPOCA DE XUSTINIANO. SANTA SOFÍA DE CONSTANTINOPLA E SAN VITAL DE RÁVENA. A PROXECCIÓN DA CULTURA BIZANTINA EN OCCIDENTE.

Dentro da evolución da arquitectura bizantina, hai que destacar como principal etapa a 1ª Idade de Ouro, onde se levan a cabo as principais obras.

Destaca dentro de esta etapa, o período do reinado de Xustiniano (527-65), no que se constrúen “*Santa Sofía de Constantinopla*”, e “*San Vital*” e “*San Apolinar*”, de Rávena.

“*Santa Sofía de Constantinopla*”,(532-37), é a obra maestra da arquitectura bizantina, realizada por Antemio de Tralles e Isidoro de Mileto.

Construída baixo a dirección de Xustiniano, convertiuse no **modelo de edificación da Idade de Ouro, sendo transformada en mezquita tras a conquista turca** de Constantinopla en 1453, engadíndolle os catro alminares.

Construída en ladrillo pero con revestimentos interiores de mármore e planchas de cobre, **funde nun mesmo edificio a planta basilical** (entrada con atrio porticado e nártex) e o **plan central** (imposto pola cúpula no interior), **combinando entón o eixe lonxitudinal coa perspectiva vertical**, dando lugar a unha igrexa de tres naves e **planta de cruz grega inscrita nun cadrado**.

O sistema de sostemento da cúpula é do máis novidoso, encaixándose nun espazo cadrado (muro), a través das pechinas (triángulos esféricos), **proporcionando unha sensación de ingravidez**, como si a cúpula de 31 metros de anchura estivera encaixada por arte de maxia no espazo. **O gran empuxe desta cúpula é contrarrestado por un sistema perfecto de medias**

cúpulas que descansan a súa vez sobre outras máis pequenas (semicúpulas), repartindo así progresivamente o peso dende o alto ata os cimentos.

Este sistema gradual de descarga supón pois unha novidade na arquitectura abovedada, xa que **o peso da cúpula non recae directamente no muro**, como no “*Panteón*” romano, **senon en catro pechinas que enlazan coa planta cadrada**.

A pesar diso, tras a súa inauguración **no ano 537, sufriu un prematuro afundimento**, o que obrigou a súa reconstrución no 562, **colocándolle unas nervaduras para alixerar a súa masa** (40 nervios), **e diminuindo a súa base por medio dun anel circular con ventás** chamado tambor, **transmisor das cargas verticais** e que se aprecia sobre todo no exterior como un elemento robustecedor da súa estrutura. **Dous formidables estribos laterais reciben o empuxe final das bóvedas**.

No interior, desaparece todo sentido de peso, de volumen, que se manifestaba nun exterior sobrio, gañando importancia o espazo e a luz, que a través da cúpula inunda toda a estancia, creando unha **sensación de ambiente encantado mediante o multicolor efecto dos mosaicos, intensificado pola luz que entra a través das numerosas aberturas das paredes da nave**, conseguindo un efecto de transparencias (“como cortinas de encaixe”).

A cúpula ofrece pois, unha **sensación ilusoria de irrealidade, de estar flotando, grazas a este sistema de empuxes e de perforacións lumínicas**, pero a pesar diso a súa estabilidade conseguese a través dunha disposición na base de arcos en forma radiada apoiados en pilares robustos, formando exedras.

O dilatado espazo central que crea a cúpula, está limitado nos **muros laterais perforados por arcos de medio punto e columnas, con ventás na parte superior, unha galería intermedia ou tribuna (o “matronium”) e un pórtico inferior**. As columnas son de mármore, de corte clásico cun **capitel calado de minucioso debuxo que disimula a forza e solidez da pedra**. A presenza islámica faise notar a través de catro enormes escudos con versículos do Corán realizados polos turcos.

O edificio encarna perfectamente o **tipo de igrexa palatina, de Corte, coa tribuna ou trono imperial e o palacio adosado**, modelo que será transferido a Occidente, en edificios como a “*capela palatina de Aquisgrán*”.

“*San Vital de Rávena*”, del 526-47, contemporánea de la anterior, reflicte a **expansión do Imperio Bizantino a través do Mediterráneo na época de Xustiniano**, sobre todo no Norte de Italia.

É unha **igrexa de plan central cun aspecto exterior octogonal**. O núcleo central, coroado por unha cúpula descansa sobre oito exedras a modo de capelas semicirculares con dous pisos de columnas (matronium superior).

O interior é suntuoso, revestido de mármore polícromos de gran riqueza decorativa e recuberto cos máis famosos mosaicos do mundo bizantino, destacando os dous paneis votivos do ábside (cortexo e séquito imperial de Xustiniano e a súa esposa Teodora).

Presenta unha grande verticalidade, mediante esa superposición de corpos (cúpula, tribuna, columnas), **cunha tensión ascensional que a diferencia da dilatada horizontalidade de “Santa Sofía”**.

O exterior, a pesar da súa armoniosidade baseada na **habilidosa disposición de volumes superpostos e escalonados, contrasta co interior pola súa sobriedade, austeridade e pobreza de materiais** (ladrillo combinado con pedra), resaltando as enormes pilastras que abrazan o muro e entre elas grandes ventás, creando un ritmo perfecto entre o volumen e o oco.

Confírmase pois nesta igrexa o modelo de edificio palatino, iniciado en “Santa Sofía”, e imitado polo arte occidental no s. IX.

Na 2ª Idade de Ouro (s.IX-XI), a arquitectura **reduce as súas dimensións**, pero **gaña en beleza e elegancia, invadindo a decoración os exteriores**.

Aparecen novos focos artísticos: Italia (“*San Marcos de Venecia*”), Grecia (mosteiros), e Rusia (igrejas ortodoxas como “*San Basilio de Moscú*”). Son en xeral, **igrejas de planta de cruz grega, con gran predominio da cúpula e unha gran ornamentación** (mármore, policromías, dorados).

O MOSAICO BIZANTINO.

O mosaico é a mellor e máis novidosa aportación da arte bizantina. Non entanto, **xa hai precedentes no mundo oriental** (Mesopotamia, Persia) **e no romano**, de onde van a imitar os bizantinos os modelos e sobre todo técnicas como o “horror vacui”, recubriendo as paredes interiores de todas as construcións con mosaicos.

Frente ó mosaico esmaltado dos pobos orientáis e dos romanos (pavimentos no solo), feitos de pequenas pedras coloreadas, os bizantinos empregan **teselas de mármore ou vidro de cores encendidos sobre os muros. Os fondos adoitan ser dorados** aumentando os destellos nos interiores, pero **respondendo tamén a un claro simbolismo**.

O mosaico pois, polos materiais utilizados substitúe a pintura ó fresco, debido a súa maior duración e resistencia.

A temática do mosaico bizantino é case sempre relixiosa (imaxes de Cristo, a Virxe, santos, bispos), **a excepción dos temas aúlicos desenrolados en “San Vital”**. Nambos casos, **as figuras son hieráticas, herméticas, desmaterializadas**, importa máis a súa alma que o seu corpo, realizaándose dentro dunha **grande esquematización ou estilización abstracta**.

As imaxes en Bizancio non están destinadas a contemplación visual ou estética, senon que son obxectos de culto, de ahí o seu inmovilismo, constituindo o rostro e os ollos xunto ó torso os principais puntos de visión das figuras, que aparecen **enmarcadas nun ambiente arquitectónico e paisaxístico moi sinxelo en un só plano**, enchendo todo o espazo e repetindo de forma monótona o mesmo tipo figurativo, xeralmente visto de fronte.

As figuras non se axustan a un canon, as súas proporcións son deformadas, excesivamente alongadas, antinaturais. O ambiente é tamén irreal, con cores convencionais (fondos dorados=símbolos divinos, desapego do mundo terreal). **Pérdese por tanto a noción de espazo, da**

posición e do tamaño, subordinando a estética á iconografía e ó mensaxe relixioso, e quedando anuladas a imaxinación e a capacidade creadora do artista.

Este valor simbólico ou narrativo da arte bizantina inflúe tamén na **falta de perspectiva ou profundidade nas escenas, cunha composición totalmente carente de proporción entre figuras e obxectos, meros referentes da escena**, e que se dispersan polo espazo ocupándoo completamente en base a liñas diverxentes hacia o fondo.

Os mosaicos máis importantes da arte bizantina aparecen nos edificios de Rávena: *“San Vital”*; *“San Apolinar o Novo”* e *“Mausoleo de Gala Placidia”*.

“Os mosaicos de San Vital”, suponen o exemplo máis claro de fusión do tema relixioso e civil, destacando os que aparecen na zona do ábside.

Na zona central, atopamos un tema relixioso: **o Cristo imberbe propio da iconografía paleocristiá** facendo entrega a San Vital da coroa do martirio e recibindo do bispo Eclesio a maqueta do templo.

Sin embargo o máis destacado da decoración desta igrexa son os mosaicos laterais do presbiterio, presididos polos cortexos imperiais de Xustiniano e Teodora, ambos levando presentes a Igrexa con motivo da súa consagración e **reflectindo o retrato colectivo de Corte, cuns persoaxes que responden claramente ó tipo iconográfico bizantino** (figuras alongadas, hieráticas, pequenos rostros ovalados de ollos grandes e meixelas afundidas e corpos de lentos movementos cerimoniais).

Ambos monarcas aparecen ricamente vestidos, ó igual que os membros do seu goberno, cun **aspecto eclesiástico na indumentaria imperial sinalando a súa dobre función** (Rei-sacerdote, representante de Cristo na terra). Os ropaxes realizados en magníficos debuxos ocultan o corpo e **cada persoaxe vístese de acordo co seu rango e obrigacións relixiosas**.

Esta fusión de autoridade política e espiritual, invítanos a ver a **Xustiniano e Teodora como símbolos da “realidade divina”, representados como figuras análogas a Cristo e a Virxe**.

No mosaico de Xustiniano, obtéñense sorprendentes efectos de diferenciación individual dos persoaxes, algo extraordinario dentro da arte bizantina tan proclive ó abstracto.

A concepción da escena, recorda a arte romana, os pasaxes de glorificación dos arcos do triunfo (“relevos do Arco de Tito”), **pero cun contido ou matiz relixioso**, xa que os doce acompañantes do emperador parecen simbolizar ós doce apóstolos (seis deles, soldados agrupados en torno a un escudo gravado co anagrama de Cristo).

Os retratos desta Corte celestial-terreal dispóñense en posición frontal, seguindo os criterios de xerarquización orientáis (carácter plano, serie infinita). **As figuras aparecen como petrificadas, como sen peso, desmaterializadas** (case non apoian os pes no solo), **parecen figuras-símbolo**, onde a monotonía só se rompe a través das cabezas-retrato de gran realismo e da exactitude minuciosa do vestuario dos persoaxes.

O significado político do mosaico ven dado pola **representación xuvenil idealizada de Xustiniano** (criterio romano que ligaba a dignidade á xuventude) **fronte ó bispo** (vello, con

arrugas), que ocupaba un lugar menos importante, **simbolizando a supremacía do poder civil sobre o relixioso.**

No mosaico de Teodora, o simbolismo relixioso reflíctese a través da escena bordada no manto da emperatriz, representando ós Reis Magos levando os seus presentes a María e ó neno que acaba de nacer.

O interese polos metais preciosos: ouro, cristais, perlas, prata..., fai pensar nas riquezas do Gran Palacio e nos do seu modelo celeste, a morada divina.